



SEDE	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Redacción, Administración y Publicidad:	Ribadeo, S. 27002 LUGO. Apartado 5.	Centralita: 982 298 100	Redacción: 982 298 102 Publicidad: 982 298 101	redaccion@elprogreso.es
Centro Impresión O Ceao	Parcelas 24 y 25, calle A. 27003 Lugo.	982 209 267		
Delegación Ribeira Sacra - Monforte	C/ Galicia, 8-10 2ª I. 27400 Monforte	982 403 400	982 404 254	monforte@elprogreso.es
Delegación Terra Chá - Vilaíba	C/ Galicia, 34-36 Ent. I. 27800 Vilaíba	982 511 516	982 511 817	vilaiba@elprogreso.es
Delegación A Mariña - Burela	Curros Enríquez, 2-4. 27880 Burela	982 585 911	982 585 956	burela@elprogreso.es
Delegación Sarria	Diego Pazos, 3, Ent. 27600 Sarria	982 530 203	982 532 051	sarria@elprogreso.es

DE RE VARIA



ÁNGEL VAQUEIRO
avaqueiro@elprogreso.es

Volverás

MORREU Sergio, conto no Whatsapp familiar. Que Serxio, me preguntan. O de Estíbaliz, aclaro. Algúns chanceamos con titular así, 'Morreu Sergio, o de Estíbaliz', como se fose a morte dalgún da nosa aldea, pero non parecía respectuoso. Na memoria musical española van permanecer como se fosen siameses inseparables, como o Dúo Dinámico ou Simon and Garfunkel. Eran pastellosos como poucos, demasiada dozura, aínda que as súas letras contaban historias tremendas, de persoas que se perdían no camiño: 'Piel', 'La llamada', mesmo 'Cantiner de Cuba' ou 'Volverás', a que levaron a Eurovisión. Daquela (nove meses antes da morte de Franco), os rapaces aprendíamos as letras e poñíamonos diante da tele única (a segunda canle víase en poucos sitios) para animar as nosas cores. Dous anos antes, uns familiares seus, Mocedades, quedaron segundos, cunha das mellores cancións que levou nunca España a ese festival. Despois chegaron os anos grises, a couxa resucitou con Rosa e OT, empezaron os experimentos delirantes e agora os únicos que seguen o festival con aquela paixón nosa dos 60-80 son os da Europa do Leste e nos xornais xa nin deixamos apenas sitio para a noticia. Blanco e Uranga quedaron décimos cando aínda non sabíamos que España non ía volver gañar. Eurovisión é un dos éxitos patrioteiros dos 60 que non se repetiu; outro, o da Eurocopa, tardou 44 anos en volverse dar.

MIL BATALLAS
POR CRISTINA PÉREZ

TEÓFILO LÓPEZ

martes 17/2/2015

FEDERICO CACHAFEIRO LAMAS

MESTRE XUBILADO DE MEIRA, MEMBRO DA ASOCIACIÓN AVELINO DÍAZ / 72 anos

«Como xuíz de paz oficiei as primeiras vodas civís de Meira»

VIVE ENTRE Lugo e Meira, pero é nesta última localidade, onde nacía hai 72 anos, onde ten o corazón. Federico Cachafeiro é un meirego coñecido e recoñecido na vila, onde foi xuíz de paz durante unha década e directivo do Meira CF na época de máis éxito deste.

Mestre de profesión, xubilouse no 2003 coa particularidade de non ter pisado nunca unha aula, agás no mes que fixo de prácticas. E é que Federico, tras aprobar as oposicións, entrou na delegación provincial de Educación en Lugo —primeiro dependente de Madrid e logo da Xunta—, onde estaba a disposición doutros mestres para tramitar baixas ou nomear substitutos ou interinos. Tamén estivo destinado no servizo de promoción cultural, que lle prestaba material aos colexios «e onde ata tiñamos unha sala de exposicións a disposición dos artistas noveis».

O seu traballo, de oito a tres, deixáballe as tardes libres, polo que tiña tempo para dedicarllo a outros quefaceres, coma o fútbol, nunha época na que o club meirego acadaba a súa máxima categoría, Rexional Preferente. Chegaría a ser cuarto, ademais de xogar tres finais da Copa Deputación, das que gañaría unha, un acontecemento en Meira que lembraron recentemente cunha xuntanza. «Comíame moito tempo, e podo dicir que só me perdín

un partido, o día que naceu o meu fillo», lembra.

Federico tamén foi xuíz de paz, un cometido que considera «unha honra». «Era apolítico, porque daquela nomeábase o presidente da Audiencia Provincial», explica dun cargo con infinidade de anécdotas e diversas responsabilidades, como por exemplo oficiar «as primeiras vodas civís de Meira».

Hoxe, como tantas outras veces, volve estar implicado nun proxecto social en Meira conxuntamente coa súa muller, Isabel, que os ten «entusiasmados»: a recuperación da figura do poeta Avelino Díaz, quen fora amigo persoal de seu pai, Julio Cachafeiro —ten dedicada unha rúa en Meira e foi o último alcalde da República, presidente da Irmandade de Labradores e promotor da luz, do saneamento ou da Xira—.

«Ao meu pai mandoulle os dous primeiros libros dedicados e tamén unha carta preciosa», lembra. Traballan «coa implicación de moitas persoas e dos concellos de Meira e de Riotorto» e, entre todos, apostaron por recuperar unha asociación creada nos 80 para canalizar esforzos. A visita da familia argentina de Avelino déulles novos azos para seguir loitando para conseguir que se lle dedique o Día das Letras Galegas no 2017 e tamén «que a rúa principal de Meira leve o seu nome».



el sabor no se disfraza...
pero nosotros sí

Ven a averiguarlo!

Rúa Cidade de Vigo, 1 | 27002 | LUGO | 982 25 12 02

pulperia
a
aurora
do Carballino